

TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO E RESIDUOS URBANO : TARIFAS REDUCIDAS

Obxecto: Redución das tarifas da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos para determinados colectivos.

Colectivos :

- * Familias con Escasos Recursos.
- * Persoas Perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA).
- * Persoas Beneficiarias de Axudas de Inclusión Social (AIS).
- * Familias Numerosas de Categoría Xeral.
- * Familias Numerosas de Categoría Especial.

Familias con Escasos Recursos:

Segundo o artigo 5.7 da ordenanza reguladora entenderase por familias con escasos recursos aqueles suxeitos pasivos que o soliciten e cumpran os seguintes requisitos:

Cando os ingresos da unidade de convivencia no superan en máis de 1,5 veces o salario mínimo interprofesional vixente, e non son propietarios/as de bens inmobles agás o domicilio familiar, e sempre que o seu valor catastral non supere os 30.000€.

Enténdense por ingresos da unidade de convivencia, a contía da base ou bases impositibles do cabeza de familia e dos demais membros da unidade de convivencia no período impositivo que, unha vez vencido o prazo de presentación das declaracións de IRPF, sexa inmediatamente anterior ao momento de presentación de solicitudes.



Servizos Sociais

As solicitudes deberán de ir acompañadas da seguinte documentación :

- Libro de Familia.
- Informe da Policía Municipal sobre as persoas que integran a unidade de convivencia.
- Certificación dos ingresos da persoa solicitante e das persoas que convivan mediante:
 1. Declaración da renda vixente.
 2. Certificación de ingresos na empresa na que traballa.
 3. Certificación do INEM das prestacións que está a percibir.
 4. Certificación do INSS sobre as prestacións que está a percibir.
 5. Certificación de Xunta sobre as prestacións que está a percibir.
 6. Certificación da Delegación de Facenda de tributación polo imposto sobre bens inmobles.
- Título de propiedade, contrato de alugamento da vivenda que ocupan.
- No suposto de non ter ningún dos ingresos sinalados anteriormente será preciso os seguintes documentos:
 1. Certificación negativa do INEM.
 2. Certificación negativa de Xunta.

A solicitudes, acompañadas da documentación, unha vez presentadas, producirán efectos da aplicación da tarifa prevista para estas familias no trimestre seguinte ao da súa presentación.

Persoas Perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e Persoas Beneficiarias de Axudas de Inclusión Social (AIS):

Para acreditar a condición de persoa perceptora de Risga e/ou beneficiaria de axudas de inclusión social será necesario informe dos servizos sociais municipais. Unha vez presentada a documentación producirá os efectos da aplicación da tarifa prevista para estas familias no trimestre seguinte ao da súa presentación.



Familias Numerosas:

Para acreditar a condición de familia numerosa será necesario presentar copia cotexdas do título oficial establecido ao efecto.

Unha vez presentada a documentación producirá os efectos da aplicación da tarifa prevista para as familias numerosas no trimestre seguinte ao da súa presentación.

TARIFAS: (€/trimestre)

VIVENDAS	ZONA 1 (recollida diaria)	ZONA 2 (recollida alterna)
Familias con escasos recursos	9,37€	4,68 €
Familias numerosas categoría xeral	9,37 €	4,68 €
Familias numerosas categoría especial	4,68 €	2,34 €
Beneficiarios/as de RISGA/Emerxencia Social	2,34 €	1,17 €
Vivendas non incluídas nas categorías anteriores	18,74 €	9,37 €

Prazo de Presentación :

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto todo o ano.

Lugar de Presentación :

(1) Familias con escasos recursos, persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia e persoas beneficiarias de axudas de inclusión social: Concellería de Benestar e Emigración, previa cita chamando ao teléfono 986780014 ou persoalmente nas oficinas da concellería sitas en Praza de Galicia, 1 – Lalín.



(2) Familias Numerosas: Rexistro Xeral do Concello de Lalín

Máis información: páxina web do Concello de Lalín (Concello Aberto – Ordenanzas Fiscais e Regulamentos – Ordenanza nº 10)

L K M N